


02 A S O S T O D O 2 0 0 7 - N Ú M E R O 6 8 1

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Andrés Ajens



Andrés Ajens

pegadas, co-marcas

Andrés Ajens asegura que escribe en galego por unha cuestión de raíces ancestrais –a súa avoa materna era galega–, pero el é chileno, autor dunha abondosa obra poética e especialista en linguas autóctonas de América latina. O seus poemas foron traducidos ao inglés por Erin Mouré (*Quasi Flanders, Quasi Extremadura*, 1998, 2007) e Forrest Gander; ao portugués, por Jussara Salazar (*Não insista, caralho*, 2006); e ao francés por Stéphanie Decante e Olivier Ragasol. Actualmente colabora no proxecto Lenguandina, xunto ao lingüista aymara Zacarías Alavi (www.lenguandina.org) e codirixe, xunto aos escritores bolivianos Jaime Campero e Virginia Aillón, a revista de poesía *Mar con Soroche*. Os textos que agora publicamos nos monográficos de Revista das Letras supoñen o primeiro contacto da súa produción poética co ámbito editorial galego.

pegadas, co-marcas

neste **Times New Roman**, neste colapso
noso, morto, ou
este,

en que nin a morte é
segura, a
propia, neste tempo
arisco

menos que un fraseo
tipo, máis
que un termo xusto, adeus s-
eu: *Layu qucha*
sani unu (o que só
odi ou, quen sabe, warak'a,
onda tan trágica, traduce/n); neste tempo

en que nin a morte é
segura, nin ~~exa~~
sacrifica con todo o sacrificio — carrexado
ao papel (non habendo vítima
sen tipo), á pantalla, á parede,
á consciencia, ao lexible, tempo

aberto, inseguro, flor
de *aguayo* en flor, co-
marca, hoxe, garda ilexible.

[.]

a un letrado becho

sir **be**,

afina o teu portugués, non
te autorices tanto, e
só talvez
bota todo (*todo*, sir **be**), a miña **á**-
gata tamén
non miña, esta, ao lixo –
dá vide, poda
a parra, despídete (inter-
minablemente) do teu
pai e país, vida das vidras!

ã

p. d. *vide*, prolixo en flor, le tal, **á** – preta

* O “fraseo”, en quechua ou runa simi, entretecido aí,
pasaxe dun poema do Taki parwa (1952), de Kilku Warak'a
alias Andrés Alencastre (Cuzco, 1909 – 1984), que o seu
conterráneo Odi González traduce ao castelán: Laguna de
Layo, turbio caudal.

[sen pés nin cabeza]

petit ouvrage dont on ne pourrait pas dire qu'il n'a ni queue ni tête...

Ch. B., carta a A., dec., 1861.

poema máis maniño
non vin na fronteira do niño

malia que poe escribira
poemas máis pequeniños

poema máis mamiño
non vin na fronteira do miño

meu niño — meu veciño
o arao extinto non viña

nin miña amiga fariña
nin meu amigo cociña

escribiren poemas axiña;
a pregunta queda no ar

sen embargo: o niño é mai-
miño, mamiño ou maniño?

[.]

a vara
real,
a monstra,
mírase
no
espello
alleo
e ve – o
que ve –,
a vara
vese
véndose
verse
agora
variar
na xénese
xenerosa
doutra
vara
en
si
fóra
de si,
doutra
monstra
porosa, a vara
morosa, amorosa.

[o que hoxe lin nas liñas da túa man]

será que te agardaba a ti, en [ilexible] min

será que se deu o transcurso
con xeito de sala de espera, e cede aquí o
discurso

teu será, fala, xa foi (vide supra), é — o
menos que ocorrido podería ternos

ut eRos

érgome a gatas
afundo, espernexo
para soste algo

a auga

sostéñoche
unha casa
agardo

noméote máis tarde
cando atopo

unha pedra
durmida na miña man
unha semen-
te

en chamas un bater as ás
dentro
no mundo
pero dentro
desde onde

a auga resoa
e codifica o latexo
que logo xebra cando ves
e encarnas a veta

o teu nome?

[a (unha) portuguesa]

E quis dar uma vez em uma só frase a impressão — pouco importa se vera ou falsa — de que deus, o autor e a fala que fala são simultaneamente a escrita e o escritor, trova e catadura do “mundo”. não achei melhor maneira de o fazer do que tornando transitivo o verbo ser e assim dei à voz a frase

ó diverso, sou-te

em que o transitivo da cata se corresponde com o intransitivo do encontro.

outra vez, pórem em conversa, querendo dar incisiva e portanto concentradamente a noção de que certa moça tinha um tipo rapaz, enxertei a frase “aquela rapaz”, violando deliberadamente e justissimamente a lei fundamental da concordância?

[guaCa renga]

a vida pode
ser vívida, moi vívida
¿a morte pode

ser mortal? – ¿reitérame
a súa waka uta, de graza??

¿Waka uta? Como non traducir. Se a dución que leva tal operación, cuxo trans — aquén e alén e ó través — non desactiva enteiramente a súa compulsión de luz, de transparencia incorpórea ou (morte) ideal, iso chama tanto a unha aberta reserva coma a pasaxes por paraxes menos luciferinos e/ou divinos (raíz ind-europ., ‘brillar’, ‘iluminar’), a intervintes trans-sombras e aínda inter-asombros talvez: dende xa en aymara, lingua dos Andes meridionais (e non pois en xaponés, onde a expresión sería unha redundancia impronunciábel entre poema ou canto [uta] e poema xaponés en xaponés [waka, en contraste co kanshi, poesía chinesa transplantada ó Xapón], segundo me aclara o veciño Mamoru Fujita nun café do Prado de La Paz, Bolivia): uta, ‘casa’, ‘morada, e waka [wak’a ou guaca], traducido de modo habitual coma ‘divindade local’ ou lugar ou restos do sagrado, pero cuxo étimo remite dende xa ó en si mesmo partido ou repartido, coma a dupla comunidade andina, o diferido na súa identificación e mesmidade; morada de por si diversa, waka uta, estancia en correspondencia. En canto ó “rengo” dunha habitación tal, a súa coxeira...

[millán meu]

rolda
na cidade

entrevista: todo é
rolda:

a anciá
testa

elípticos campos
minados

camiño
de santiago

por millán
da cogolla

con verseo ou sen
berceo

a entre-
cortada lingua

por lo?ko-
millan rolda

rolda a
vida á morte

a vide á
vendima

átropos,
de neniña

[.]

no éxtase da stasi or i en tal
datadura da época dita dura
do non nihil da cousa ningunha
do servizo (poesía entra strictu
sensu nese vicio — ¿si sale?)

da rosa en prosa non, do corisco
dos éxtases da lúa coas imaxes dos dous
aires dos
monstros falaparecidos fóra de cacho &
outros fulgores e préstamos devorados
pelas fogueiras, á
esquerda o poemaimiño

o fluxo no *não coma nau*

ía *querrar* ía a cor
tar un crisantemo preto na fonte do Río
flor d'ouro pra a avó ia um bicho medonho
pegar um menino à outra margem do rio
dúas hipóteses exflúen entrementres alí
cortés aínda á malintzin non é, di (mesmo
nos *êxtases dos táxis de água e outros
tropos*

da pior stasi), a doma do maniño
máquinaflor ou bicho, o risco no qu errar
é ser fagocitado pela insistencia do aceno,
fogos

a babor, magalláns coma sycorax
subito *grida: setebos, et fecemi segno*
e outras pocións no desate da tempestade
ó entrar ó estreito

miranda mainiña, bicho próspero tecnotranso na Staatssicherheit, a nonpareil

no lóxico

como chamar ás estancias sen estado das
falas
alén do treito en ruínas? da escrita? as
chamas?

[coyólotl]

ó ilexible da túa lingua (bis)

ante a lingua
ante a lingua [en] xeral
non hai unha tal
ante a túa lingua
antes da túa
o oído revisto lido
avant la lettre o-
índo e vindo
en cantas linguas
e en ningunha, pois
antes da túa lingua
que amo deserto
antes que a miña
sucendendo
deslinguado es-
varadoiro
antes da túa lingua
tal gardalingua
conxénere
romance por caso
embriagante bipaxaro
vén un día unha lingua
virxe da terra
crúa, ichpochtli
inquirindo a deixe falar
xeneroso tal gardalingua
de entrada corresponde:
mellor non
mellor que aínda non
and so on
pasan os días pasan as semanas
ni temps passé ni les amours reviennent
(os anos tamén repasan)
a cousa vaise poñendo cor formiga
o virxe está preto de extinguirse
ata que ocorre de improviso, muda
o seu autopoético desvalemento
faille un guachi ó gardalingua
na súa propia casa
na súa propia lingua
romance, a allea:
se toda lingua cura falar
por si mesma
falar [na] súa lingua
por que en todo este tempo
só eu vin
a pedirche que me deas o paso?
gardalingua
presentindo o virxe a piques de expirar
rumoréalle á orella:
ninguén máis que ti pode falar
a túa lingua: a ti foiche dada
calala en primeiro lugar
agora dispóñome a partir
engade o gardalingua noutra lingua
e paso [schließe ihn, noutros termos
kafkoderradeiros: termino, acabo]
ante a lingua
antes da túa lingua
cara de corno de cabra
chilchotl, palpita
o baile florece
o aire
comeza a pinchar

[ampara churaskta]

á outra monstra


a man, a túa man, mostra, monstra, ó outro, ó
irmán
a filla, a túa filla, en ti, fixa de antemán á
mamila, seguro
de vida en flor, seguro do *inas*-
egurable dado, vidamorte, oi pai, oi
lingua láctea; a outra
man, ¿que mostra xa sen mostrar – a quen?,
¿que prodixio
dixital antehumano, monstro, don de *ampara*?
ampara churaskta, aka q’ara pampana.

* *Ampara churaskta* (aymara), dando a man. *Coyólotl* (co-yólotl); náhuatl yóyotl, ‘corazón’, galego co-, prefixo de reunión e/ou co-operación, coma nestas fugaces vellonovas co-marcas. Ichpochtli; náhuatl, ‘rapariga’, ‘virxe’. *Chilchotl* (chil-chotl), náhuatl, á letra: ‘pemento (chile) verde’

09 AGOSTO DO 2007 - NÚMERO 682

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Berta Cáccamo




Berta Cáccamo

Un relato


Berta Cáccamo (Vigo, 1963) é unha creadora radical que esculcou na pintura os conceptos máis elementais –a pegada ou a mancha– até construír un universo tan marcadamente informal como simbolicamente místico. Membro do grupo Atlántica, pero independente polo insólito da súa proposta no panorama plástico galego, Berta Cáccamo presenta nos monográficos de verán de Revista das Letras un auténtico tesouro: por vez primeira exhibe en público as súas fotografías. Non son, porén, o seu debut na cámara estas trece instantáneas da serie *Un relato* que hoxe reproducimos. Todo o contrario: Desde hai máis de vinte anos, desenvolve en paralelo á pintura un traballo fotográfico que abrangue a narración, a documentación e o experimento. *Un relato* –realizado no ano 2004 sobre imaxes dun televisor– posúe unha asombrosa coherencia coa súa traxectoria e permite descubrir, máis claramente que nunca, unha vertente que moitos pasan por alto na súa obra: a indagación social.











Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



16 AGOSTO DO 2007 - NÚMERO 683

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**




Víctor F. Freixanes

Desde no 1982 publicou *O triángulo inscrito na circunferencia*, Víctor Fernández Freixanes converteuse nun dos referentes da Literatura galega contemporánea, á que lle achegou o alento épico dun cronista fascinado pola forza transformadora do ser humano. 25 anos despois, con outras dúas novelas ás costas tamén celebradas pola crítica –*O enxoval da noiva* (1988) e *A cidade dos césares* (1993)–, Freixanes emerxe no país como unha das súas figuras máis influentes, nunha tradición que se engasta a algúns dos seus predecesores: Ramón Piñeiro ou Carlos Casares. Membro da Real Academia e do Consello da Cultura,

Víctor F. Freixanes

O pozo da señora

director da patrimonial editorial Galaxia, presidente da Fundación Otero Pedrayo e profesor da Facultade das Ciencias da Comunicación –sempre confesou que o periodismo foi a súa auténtica vocación–, este pontevedrés nacido no 1951 foi construindo unha ponte entre o galeguismo da centuria pasada e as eclosións identitarias do século XXI. Agora, tras un longo silencio, reaparece a súa vea creadora neste monográfico de Revista das Letras cun relato de evocador simbolismo, inquietante e máxico. Trátase, en fin, do regreso espléndido dun escritor na plenitude da súa madurez narrativa.



Avanza a carreta coma unha nave polo medio da chaira, axitando o poderoso toldo e o seu pesado armazón de varas. De primeiras case que non se ve: un puntiño branco que escintila á luz da mañá aplastado entre as altísimas herbas. Pero os ollos da rapaza albíscana dende antes de que apareza, como se o aire e o arrecendo da terra anunciasen a súa chegada. Ladra o can. Brinca fóra do pescante e corre lixeiro onda a cativa. Chámase Nei.

“¿Por que lle puxeches así?”, preguntoulle unha vez.

O home sorriu, cuspiu no chan, apertando os labios mentres afiaba a vara de ameneiro, e dixo: “Era o nome dun mariscal de Francia”. E engadiu: “Todos os cans desta parte do mundo chámanse da mesma maneira”.

O campo aparece inzado de pampullos, flores amarelas, que a brisa de maio fai abalar en grandes ondas. Un pouco máis alá, preto do río, florece a xesta. Alí está a barca. É unha plataforma cadrada, de grandes madeiras húmidas, como as que se poñen nas pontellas para que pasen as cabalgaduras. Dunha das extremas pende unha pértiga que agora repousa enriba da cuberta. Con ela gobiñase a embarcación para pasar dunha beira a outra.

Hai tempo que o vendedor de ferralla cruza o río por este lugar: o Pozo da Señora, paraxe arredada das casas do Camiño Real, que vén dar un longo rodeo polas estribeiras da serra. Aquí unicamente viven o vello e mais a neta. Poden gañarse dous días no atallo, se a corrente vai mansa. Pero el nunca ten présa.

“Neste sitio afogamos o teu avó e mais eu unha compañía enteira de gavachos, peste de Satanás, nos días terribles da francesada”, contoulle nunha ocasión.

Quizais non fosen tantos, un e outro esbardallaban bastante: o vello barqueiro, sentado a carón do lume, porque xa daquela lle custaba moverse, e el na porta da cabana, onde pasaba

a noite. Pero a historia sempre era a mesma.

“Mandábaos un capitanciño novo, cangado todo de medallas, cun chapeu de plumas, moi pintureiro, que apareceu unha mañá entre os ribazos. ¿Acórdaste, Tomé..?”, oupábase o da carreta.

Aínda que lle preguntaba ao vello, no fondo falaba sempre para a rapaza. “Disque entraron para esta parte porque viñan perdidos. Algúns non tiñan nin dezaseis anos. Unhas criaturas. Traían o pánico nos ollos, como se acabaran de ver a boca do inferno, talmente. Moi bravo debe ser o Anticristo para mandar a xente así por estes mundos. O teu avó deuse de conta axiña. Primeiro os homes e logo os cabalos, díxolles, para non ter que pasalos xuntos. Como berraban os condenados. ¿Acórdaste, Tomé, como berraban..?”.

E o outro:

“Acordo, ho. Tal parece que aínda os sinto, mala centella os coma. Nunca deixo de escoitalos. Así volvesen, habíamos de rebentalos outra vez, que non volveron”.

“¿Como habían volver?”, retrucaba o compañeiro. “Aínda han de estar no fondo do río, arregañando os dentes e maldicindo do mundo, coma diaños. Os cabalos vendímolos na feira de Paradanta. Déronnos cartos por eles. Non é que fosen gran cousa, acabadiños que estaban, pero tampouco os pagaron mal. Armamos unha boa festa daquela. ¿Acórdaste, Tomé..?”.

Os homes rían, sobre todo o da barca, con aquela risa nerviosa e sen dentes que a ela ben pouco lle gustaba, porque lle daba medo. Asustáballes a risa do vello tanto coma a imaxe dos rostros tumefectos dos soldadiños, os ollos fóra das cuncas, pois é así como din que aparecen os afogados, amarrados coma piñas de brancellau por non sei que escuras ataduras á profundidade das augas. “Nunca sabemos onde é que a temos”.

Sabía outras historias o moinante: noticias de países afastados, homes e ríos máis anchos ca aquel, cidades cheas de xente, ruidosas, relumbrantes.

Pero ao vello non lle interesaban. No río sempre ocurrían as mesmas cousas: a primavera, o verán, o outono, o inverno... Igual que a máquina do Universo xira arredor de si e debuxa no ceo un círculo perfecto, así o mundo tamén, e mais as súas criaturas, segundo dispón a lei de Deus Noso Señor. “Cada quen ten o seu sitio”, repetía. “Todos levamos unha marca na fronte”. Era a rapaza, aínda unha nena, a que escoitaba abraizada as historias do home da carreta, que chegaba sempre anunciado polos ladridos de Nei, unhas veces na porta da cabana, en inverno a carón da lareira, pois dese xeito agradecía a hospitalidade, tanto á ida coma ao regreso.

“¿Que me trouxeches?”.

“Un axóuxere”.

Nunha caixiña de madeira. Abría a caixa e alí estaba. Parecía de prata, aínda que non o fose. O home contaba que pertencera a unha raíña de África. A raíña tiña unha cabra, unha cabra sabia, que lía nos libros antigos e sempre estaba a rumiar, metendo non sei que cousas dentro, quizais preocupada polo final dos tempos ela tamén. A raíña chamábaa facéndo soar o axóuxere.

Unha vez viu pasar uns xitanos. Viñan de San Mamede, con músicas e ferriños, e prenderon fogueiras non lonxe da casa. O vello non a deixou saír. Non se fiaba deles. Dicía que eran irmáns ou parentes dos asasinados de Cristo. Durante toda a noite a rapaza viu arder as lumeiras do outro lado do río, atenta ás sombras dos peregrinos, escoitando as súas músicas. O barqueiro fixo tres viaxes para pasalos, a cambio dunha moeda de cobre de cada vez, mais logo que se foron botou tres cruces e guindou as moedas ao río.

“¿Por que fas iso, avó?”.

“Ese diñeiro non é noso”.

Os xitanos levaban canda si unha cabra. Facíana bailar enriba dun tallo mentres tocaban. ¿El sería a cabra da raíña aquela de África?, pensaba a rapaza.

Noutra ocasión o home da carreta tróuxolle unha fita colorada. Segundo lle explicou, era de seda e durante moito

tempo servira de lazo para a capa do anano da torre de París.

“¿Como é de grande?”.

“¿O anano?”.

“Non, a torre”.

“Enorme. Ti nunca viches nada parecido”.

Ela nunca vira unha torre, aínda que o home falaba delas, e mais o seu avó, dende o catre onde agoniaba, atacado de reumas. As torres de Compostela, por exemplo. Ou as torres da catedral de Astorga, que era de onde viña o viaxeiro. Aquelas humidades, tan duras, sobre todo no inverno, non eran o máis apropiado para a saúde do vello. Pero o señor Tomé non quería moverse do río. O paso da barca pertencera ao seu pai, privilexio dos frades de Celanova, por un real e medio desmo, e el o administraba dende entón, como o administraría e rendería o seu fillo, ou o seu neto, se tal tivese, que unicamente a tiña a ela, pois todos eran parte do río, coma as árbores, coma a herba que crece nas ribeiras, coma as almas dos condenados que habitan as profundidades, ¿e logo non?, sepultados entre os limos do fondo, ou como a Docísima Señora, que nas mañanciñas de maio pasea por riba das augas coma unha néboa branca, coma un sudario, e que un día ha vir acollernos nos seus brazos. Así o contaba o avó. E ela, cada día máis muller, deprenheu a manexar a pértiga e a desprazar a xangada pola corrente, para seguir dando conta do servizo cando el xa non puidese facelo.

A única visita que o barqueiro realmente agradecía era a do home da carreta.

“¿Que me traes?”.

“Un espello....”.

Ulía a pimentón, a especias, a pelexos de Castela e augardente. Tamén a ruda, que vendía polas portas das casas cando chegaba a esas cidades das que tantas cousas sabía. No interior da carreta, baixo o gran sabo de lona e o teito de coiros, candís de latón dourado, fitas e aparatosos fardos, o mundo era diferente, transformábase noutra cousa, e ela sentía que alí podía ser feliz. O vello decatábase diso.

“¿E isto que é?”.

“Un papel de cor”.

“¿Para que?”.

“Para que escriban os namorados”.

Non sabía escribir. El tampouco.

Quizais nas cidades as damas e os cabaleiros soubesen facelo. De feito, o papel era para eles. A ela regaloulle unha peza de lenzo, moi branco, coma disque lucía a Señora do río cando paseaba por riba das augas, aquel reino misterioso. Coñecía a historia porque moitas veces lla contara o barqueiro. Cando se foi, avivando o paso da mula polo camiño da serra, ela pechou os ollos e intentou gravar na memoria o recordo de cada aceno, o tacto das súas mans, os seus silencios, para non perdelo, e mais o arrecendo do interior da carreta: a canela e a herbaluísa, fitas coloradas e papeis de fantasía, cos ladridos do can Nei.

Foi moi duro aquel inverno. Nevou contra final de febreiro. O río asulagou as leiras, encheu os campos e non deixou pasar a carreta do moinante. Ninguén demandaba tampouco o servizo da barca. Santa María do Castro, a aldea máis próxima, quedaba a algo máis de tres leguas. Unha mañá, o señor Tomé púxose enfermo. Afogaba. A humidade do río metíasele dentro, como se se apoderase del, dicía. Tal semellaba que os rostros dos afogados acordasen de súpeto do seu profundísimo soño e emergullasen do abisedo das augas, aganchando polas ribadas, para lle roubar o alento. En realidade, había tempo que agardaba por eles.

“¡Xa están aquí! ¡Xa os teño diante...!”, revolvíase, axitado polas febres, enchoupado de suor e facendo renxer o catre con terribles sacudidas.

A agonía durou case que dúas semanas. Ela intentaba calmalo con ruda e con mentastros, tal que o avó lle ensinara, pois era a ciencia que tiñan, mais o barqueiro volvía unha e outra vez os ollos ao río, coma unha cisma: “¡Xa están aquí...!”.

De súpeto, parou. A respiración foi acougando, coma quen libra dun

desesperado esforzo, combate de varios días, igual que aquela vez, cando chimparon no pozo, un por un, a revolución toda do Anticristo. ¡Coma berran os malditos! E ela deixou de oír a risa do avó.

Ninguén a axudou. Estaba afeita a facelo. Amortalouno. Utilizou o lenzo que lle regalara o moinante. O lume da lareira ardeu aínda durante case unha semana. Pero logo foise apagando tamén, paseniñamente, case que ao tempo que a verdura volvía aos campos e apuntaban os primeiros gromos dos amieiros. A pesada respiración da brétema devalaba do outro lado das árbores coma unha misteriosa estadea. Embrullou o cadáver na mortalla, enleándoo varias veces, e coas forzas que tiña arrastrouno cara á barca. Apañou a pértiga, empuxou as madeiras contra a corrente e as augas levárona devagariño río abaixo coma se a obedecesen. Era un rito que se repetía, esta vez igual que as outras: agora el, antes o seu pai, moito antes o seu avó. Todos volvían ao río. Ela estaba alí para iso, dende o principio do mundo e ata o final dos tempos.

Amañece. Por entre o mar de flores amarelas, anunciado polo arrecendo da terra, pois todo se repite e se renova, os ladridos do can Nei advirten da presenza bamboleante da carreta do viaxeiro, a penas un puntinho branco por entremedias da chaira vestida de primavera. Asubían os merlos. Locen novas as cerdeiras. Sentada na porta da cabana, a rapaza olla a pasada do vento, que acariña coa súa doce man manseliña a cabeleira da herba.

Víctor F. Freixanes:

“O caciquismo é o resultado da incultura”

Montse Dopico / A.R. López

r d L | 7
Galicia Hoxe 16/08/07

¿Que é o que aínda nunca se escribiu en literatura galega?

A gran novela da emigración, por exemplo. Hai apuntes, ensaios parciais, pero o gran mosaico, a reconstrución literaria do que a emigración significa na memoria histórica e na identidade de Galicia, creo que está sen escribir. Supoño que tamén outras cousas. Pero iso sucede en todas as literaturas. Sempre hai algo pendente. A realidade da Galicia actual ofrece unha chea de posibilidades e argumentos, moitos deles aínda sen tocar.

¿A que escritor ou escritora hoxe falecido lle gustaría ter coñecido?

Hai tempo que sosteño a tese de que aos escritores hai que deles e que, ás veces, é mellor non coñecelos.

¿Hai algún libro que non fora capaz de rematar a pesar de intentalo? ¿Por que?

Nas carpetas da miña mesa de traballo e no ordenador hai catro ou cinco proxectos abertos, tanto de ficción como de pensamento, ensaio e algún proxecto de investigación. Aínda non perdín a esperanza de rematalos. A miña próxima entrega espero que sexa un libro de relatos. Pero ¿quen sabe?

¿Que libros dos que vostede leu de neno ou adolescente nunca lle recomendaría a un neno ou adolescente de hoxe?

Recomendaríallos todos. E máis que houber. A curiosidade debe ser insaciable.

¿Que libros despertaron o seu interese por escribir?

Non é doada a resposta, pero se recúo na memoria atopo a Valle-Inclán, “Os pazos de Ulloa” de Emilio Pardo Bazán, “Follas novas” de Rosalía de Castro, “A peste” de Albert Camus... E unha historia interminable, pero fantástica, que lin en catro volumes durante unhas febreas tifoideas, coído que con quince anos: “O Don apacible” de Mihail Sholohov....

¿Que é hoxe a cultura galega e onde podemos atopala?

Eu teño unha concepción moi ampla do concepto cultura. Para min cultura é o conxunto de propostas que un grupo social, con consciencia de seu, é quen de elaborar para darlle resposta ás necesidades ou demandas de cada momento histórico. Ese conxunto de respostas aliméntase da memoria crítica do pasado (a identidade) e das capacidades elaboradas que o colectivo produce para lle facer fronte ao futuro (coñecementos). Escuso dicir que a cultura galega é un abano amplo que vai dende a literatura e a creación plástica á arquitectura, á ciencia, á tecnoloxía, á economía, á organización do territorio, á gastronomía, etc. Incluída a política.

¿Que libro lle gustou a todo o mundo menos a vostede e ao revés?

Non sei responder. Moitos e ningún. Cada lector é un mundo.

Escolla tres palabras e tres letras que lle gusten.

Tres palabras: luz, esperanza, solidariedade... Tres letras: A, B, C...

¿Que poder ten hoxe a comunicación oral? ¿Gústanlle os contacontos?

Depende de quen conte os contos e de que contos se conten. Respecto á comunicación oral, o boca a boca segue a ser unha fórmula moi eficaz...

Díganos unha obra de teatro ou unha conferencia na que tivo que loitar para non quedar durmido.

Non teño consciencia de vivir esa experiencia. Se acaso, en Berlín, abandonei na metade unha ópera xaponesa, porque estaba tan lonxe das miñas capacidades (e dos meus coñecementos na materia) que non fun quen de aturar ata o final. Pero normalmente cando empezo unha cousa intento acabala, para ter opinión sobre a súa totalidade.

¿Que lle ensinan os seus alumnos a vostede?

Novas formas de expresión, novas sensibilidades, novas curiosidades...

des... A realidade está transformándose constantemente.

¿Dille aos seus alumnos algunha cousa para, de paso, convencerse a si mesmo do que está a dicir?

Nunca digo nada do que non estea convencido, nin defendo nada no que non crea sinceramente, o que non significa que non poida estar equivocado. Ninguén ten a verdade absoluta.

Lembre algo que, de ser hoxe, nunca escribiría. Ou que tería escrito e non escribiu.

Levo escribindo nos xornais dende os 19 anos, e escribindo con opinión. Supoño que hai cousas que, se as volvo ler, as matizaría bastante. Pero en conxunto creo que o meu discurso, ollado coa perspectiva do tempo, resulta bastante coherente. Non me arrepiño de nada do que fixen ou dixen. ¿Silencios? Iso si. Aínda hoxe. Ás veces son necesarios.

¿Seguiremos sendo galegos se dentro de 70 anos xa non falamos galego?

Seguiremos sendo galegos mentres nos consideremos tales, alén das marcas de identidade que poidamos exercer. A lingua non é o único que nos identifica, aínda que sexa unha marca de identidade moi importante. Tamén estou convencido de que, dentro de 70 anos, Galicia seguirá falando galego.

¿Pode imaxinar unha Galicia sen vacas nin bateas? ¿E unha Galicia que sexa punteira en I+D e industrias transformadoras?

Non só non son realidades incompatibles, senón que o futuro, se queremos un futuro vivificador e que nos enriqueza, pasa necesariamente pola combinación deses dous elementos: tradición e modernidade. A cultura tradicional é o alicerce necesario para construír a Galicia do futuro, que debe incorporar a innovación, as novas linguaxes, as novas formas de coñecemento, as novas tecnoloxías...

Tres ocasións nas que Castelao, de estar vivo nos últimos 3 anos, se cabrearía ao ver o que pasa en Galicia.

Castelao morreu no ano 1950. O seu pensamento é rico e moito máis moderno, aberto e flexible do que a xente cre. Ler a Castelao é unha fonte de reflexión útil e, na miña opinión, necesaria. Pero Castelao morreu no ano 1950, repito. Os erros e os acertos que poidamos cometer a estas alturas da historia son cousa nosa.

E de que se alegraría.

Supoño que do progreso económico do país, e atrévome a dicir que da consciencia que a sociedade galega ten de si mesma, moi superior no seu conxunto á consciencia de identidade ou galeguidade de que existía na súa época. Falo do conxunto da sociedade galega, non de grupos minoritarios.

¿Por que temos os caciques con maior capacidade de adaptación aos tempos do planeta?

O caciquismo, entendido como a delegación ou renuncia de dereitos do cidadán, é un produto da incultura e do atraso. Na medida en que consigamos unha sociedade máis culta, máis informada, máis desenvolvida e menos dependente, máis civil en definitiva, desterraremos este andacio que historicamente nos tolle.

¿Cal é a mellor maneira de perder o tempo libre?

O tempo libre nunca se perde, é libre. Mesmo cando parece que estamos pasmando, o cerebro traballa.

¿Por que criticamos tanto a tele e despois estamos todo o día diante dela? ¿Que ve vostede na televisión?

Vexo moi pouca televisión. Se acaso algunhas películas, grabadas en vídeo previamente para que poder pasar ás présas os anuncios, e algún partido de fútbol. A pouca televisión que vexo é moi puntual, para estar ao día dalgúns programas, ou dalgúns formatos, e poder comentalos logo cos alumnos. A televisión, que potencialmente

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.

ten tantas posibilidades, convertíuse nun mecanismo de enbrutecemento de masas, ao servizo de intereses privados, tanto económicos como políticos, absolutamente carente de consciencia social. Supoño que non é moi distinta doutros mecanismos da sociedade do noso tempo. Vemos tanta televisión porque estamos atrapados na rede, coma os cardumes de sardiñas na malla do xeito. Debemos esixir unha televisión pública diferente. Temos dereito a iso.

¿Como ve o audiovisual galego?

Con moita atención e moita esperanza. É unha das probas de que a creatividade galega está viva, consonte as linguaxes e as demandas dos novos tempos. Estamos empeizando. Necesitamos alianzas e estratexias exteriores. Tamén unha política cultural axeitada. Unha política aberta, xenerosa, non sectaria, con perspectivas de longo alcance.

¿En que lugares do mundo atopou parecidos insospeitados con Galicia?

Tocante á paisaxe, en moi poucos, ou en ningún, aínda que nunca estiven en Bretaña, nin en Irlanda, nin Escocia ou na Escandinavia, por exemplo, nin noutros moitos sitios. Tocante á maneira de ser das xentes, en moitas partes, porque os seres humanos son seres humanos en calquera lugar do planeta. Algúns comportamentos e maneiras de ser do rural venezolano, mexicano ou brasileiro, por exemplo, recordáronme moito ás aldeas galegas da miña infancia.

¿Por que en Galicia, onde se le pouco e se mercan poucos libros, se edita tanto?

Lemos moito máis do que parece, se ollamos cara a atrás e nos comparamos coa xeración dos nosos pais, aínda que seguramente moito menos do que deberíamos ler, se nos comparamos coas sociedades europeas desenvolvidas. Nesas sociedades desenvolvidas a poboación lectora habitual de libros (non falo de xornais e revistas) anda arredor do 30 %, e nós debemos andar polo 20%. Todo quere o seu tempo, os seus ritmos. Partiamos dunha situación moi cativa. Iniciamos un proceso e necesitamos seguir avanzando. A sociedade española no seu conxunto non é moi diferente. España é onde máis títulos novos se producen ao ano (case que 20.000 máis ca en Francia, sociedade lectora) e, non obstante, é unha sociedade de poucos lectores. A xente nova le algo máis..

Pero, ¿por que editamos tanto?

En parte porque a xente que le e que escribe, aínda sendo minoritaria, le e escribe moito. En parte por inercia. En parte porque as necesidades obxectivas que detectamos son moitas e queremos enchelas. En parte porque ás veces fuximos cara a adiante... Hai moitas razóns. Deberíamos pararnos a facer certa peneira, estou de acordo. Atendendo ao número de rexistros de ISBN, cada día saen cinco libros en lingua galega. Iso era impensable no tempo dos nosos avós. E atención: que o 80 por cento desa producían vén da edición privada.

Se fose estranxeiro e coñecese Galicia só pola literatura, ¿que idea cre que tería dos galegos?

Unha sociedade plural, aberta e chea de curiosidades moi diversas. Así é, na miña opinión, a literatura que hoxe se está a facer en Galicia. Non creo que desmerezca de ningunha outra literatura contemporánea da nosa contorna, sinceramente. A literatura e, en xeral, os creadores proxectan unha idea de Galicia moito máis rica e moito máis moderna do que ofrecen outras expresións da realidade social, económica e política.

¿En que se parecen os escritores galegos entre si? ¿Hai unha verdadeira renovación nos últimos anos na literatura galega en canto á temática, técnicas...?

A literatura está a renovarse seguido. Non comparto esa obsesión, que considero bastante acomplexada, de querer estar inventando cada día algo novo. Os verdadeiros procesos de renovación e de cambio son procesos lentos, que se coecen demoradamente e nos que participan os creadores e os

receptores, a sociedade no seu conxunto. Hoxe a literatura galega amosa unha pluralidade de rexistros moi interesante. Hai de todo, como en botica, ou practicamente de todo. Carecemos de perspectiva histórica para emitir un xuízo sobre o valor obxectivo do que estamos producindo.

¿Por que somos capaces de promocionar fóra de Galicia a dous escritores?

Tampouco estou de acordo nisto. Podo dar unha ducia de nomes agora mesmo, ademais de Manuel Rivas e Suso de Toro, se é que te refires a estes: Fina Casalderrey, Neira Cruz, Agustín Fernández Paz, Domingo Villar, Teresa Moure, Rosa Aneiros, Xavier Ponte Docampo, Neira Vilas, Méndez Ferrín, Carlos Casares, Yolanda Castaño, Xurxo Borrazás, Xavier López ... Todos están traducidos a outras linguas, mesmo máis alá do castelán. E non falo dos clásicos: Rosalía de Castro, Castelao, Eduardo Blanco Amor... O problema é complexo. Primeiro: carecemos de estruturas ou dunha política cultural axeitada que nos proxecte cara ao exterior, algo que habería que empezar a proxectar con tino, con criterio e con recursos. Segundo: o problema da proxeción da literatura galega está moi relacionado co problema de proxección da cultura galega e da imaxe de Galicia cara a fóra (tamén do seu empresariado, dos seus produtos, etc.). ¿Interesa Galicia no exterior? ¿Sabemos proxectala dun xeito activo e competitivo: no ámbito do deseño, no ámbito das artes plásticas, a arquitectura, a moda, o turismo, etc.? Todo está relacionado.

¿Cal é o futuro de revistas como *GRIAL*?

GRIAL é unha das revistas máis antigas da realidade cultural galega e española. Dende 1963 acode puntualmente á cita cos seus lectores. Nestes momentos, apoiándonos en estratexias de publicidade e patrocinio propias das industrias da comunicación, andamos arredor dos 3.000 exemplares de difusión, bastante por riba da media das revistas culturais en España (as asociadas a ARCE, por exemplo), e facemos envíos ou intercambios con universidades e institucións de todo o mundo, alí onde está presente o hispanismo e a lusofonía. Nesa dirección queremos seguir avanzando, sen desbotar os colectivos da Galicia exterior. Estamos moi ilusionados. A maiores, queremos convertela nun dos escaparates activos do pensamento, a creación e a reflexión da Galicia do novo século. Hai bastante camiño por percorrer.

¿Os pequenos editores galegos son uns románticos necesarios?

Todos os editores que traballamos en galego temos algo de románticos. E todos, na miña opinión, somos necesarios.

¿E os escritores?

Tamén.

23 AGOSTO DO 2007 - NÚMERO 684

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Manuel Outeiriño

Manuel Outeiriño (Ourense, 1962) é unha lenda, unha das voces máis admiradas e apreciadas dos *Outros*, ese grupo de poetas que flúen entre a presión da xeración dos oitenta e a dos noventa. Autor de títulos de culto como *Depósito de espantos* (1994) ou *É* (2005), tradutor de Sterne, monologuista de punxante enxeño, alicerce da revista *A trabe de ouro* ou profesor de Teoría da Comunicación –a súa recente tese doutoral é un prodixio de esculcas arredor da cuestión–, Outeiriño presenta neste monográfico de Revista das Letras –baixo o título de *Boas lenturas*– algúns dos seus últimos poemas. Trátase dun conxunto de textos con tramados moi diversos que se aglutinan con asombrosa coherencia baixo a cerna dun home obsesionado por converter a poesía nunha experiencia de sonoridade conceptual. A ironía como xorne vertebrador da forma e do fondo, da palabra e dos seus sorrisos, da intelixencia e da emoción.



Manuel Outeiriño

Boas lenturas

[Do amago invernal]

Ora neste reducio, onde é posible aínda estroupelear
hai trasacordos: humedén e friaxe que morde,
refutación da vella paixón cínica:
lembranza das promesas.

[Botan fume as palabras]

Nada grave, se o miras de vagar:
encerello e desleixo de catro cousas vellas:
isto é o que che dá o peito:
un espazo folgado e medio ermo,
de aquí en diante, é o que che leva a vista.
Novamente, volves verte no val,
na brétema e no río máis duro de roer
no ámago do amado e nas moreas
de entullo antigo a che estrucha-lo peito
sen pauto nin pautas, patagónico
nas ventanías loucas de caer polo chan
–caso de non lewares pedras nos petos.

[Leiras e lerias]

A arte non ten por fin compracer, senón
indica-la verdade, mesmo cando é dorosa.
T.W. Adorno, *Filosofía da Nova Música*

Non tes leiras, só lerias.
Ese é o lerio: un avatar do lar,
un se tornar vidrado,
peza de arte insuflada e retorta
a retorce-la lingua
sen termo, desprendido
das fixacións históricas, un canto
co que te dás nos dentes
(non de leite).

[Prás medras]

Que prenda é esta, que afago,
á medida de quen veñen arringaleirarse
os garabatos de compor figuras,
os monigotes meigos dos meniños,
amén para ninguén, a xorna morna
a repetir como fan os naipelos
verba entoldada?
Correo regueiro de lava-la roupa
e ti aínda has mete-la adquisición máis nova:
a intanxible camisa do home feliz
que non só é grande, cede:
prás medras.

[Sen cabo]

As batidas de lobos e o bater
dos corazóns, nalgún recuncho escuro:
hai tempo. Ben o sabes. Tempo sen cabo.
Agroman novamente as bátegas de antano,
inzas de novo eléctrico o adubío dos soños
pero non vas pra lonxe.

[Reiniciar]

Non es quen, porque es can,
de peteitar nos froitos
ou peteitar nun prado de verduras.
Ti percutes nun ámbito fantasma,
no espectro eléctrico do corpo de Whitman.
Contas bichos con cairos,
soltas frases rabudas
e non dás azos ás decidas tenras
da sumisión á transparencia.
Nada vai para lonxe, do que dis,
engádeste ó rumor do vento nas xesteiras,
incomprensible como sempre fuches
para os que volven a vista ás alturas:
hoxe os ceos carregan vertixe e morte:
pensa en Bagdad, Belgrado, Líbano.
Fura, logo, na terra e fai por remexerte
na lama comunal dos adamitas
(e concédete, mesmo, xiros de madamitas,
movido de cor frenética a xirar
movido pola pólvora) para pór cor local
nun tempo novo, en tregua e non entregue
ó horror das ordenanzas e ós fallos do sistema.

Ano cero, semana de cera
e despeces: exvotos cerúleos, figuracións, fantasmas
que é mellor liquidar
ollando novamente as flores do ermo.

[Helena á sombra dun carballo inmenso]

A nena da abelaira demorou polos bosques,
explorou soutos, recolheu ourizos,
desfixo sebes, afumou cortizos
e das cobras anrigas trouxo o mellor dos torques.

A nena da abeleira fixo lume de guizos,
andou nas corredoiras e os cogordos
humildes fixo sen mantenza en días xordos
ós ouveos das sereas, dos bombeiros castizos.

A nena da abeleira, baixo un carballo inmenso
reparou na arañeira, moi sabia directriz
a zumegar do corpo claro tecido intenso

cristalino, volátil, afectivo e feliz.
Prendido polos fíos do seu gran valor penso
vivir, e que me dean auga de Mondariz!

[Horticultura]

Viñeron as cancións para dicir:
revólvetes, animal, e ponte a xeito,
non te comprazas coas flores do ermo,
vai por semente dos tomates grandes,
sacha un pouco unha lingua de terra calquera,
sementa, non o esquezas: os grandes tomates.
(Coa mesma, igual defende-lo humanismo,
como quen lle pon guía á pranta americana:
éche un chiste, mais velaí: os tomates,
que seica nunca prantara Heidegger, o da silvicultura.

[Música mesta]

Música mesta, mastro do meu tempo
morno moumeo de amores serodios,
marxe de mirtos, medra de amorodos,
magros avíos, beiras do solpor.

Música mesta, mol melancolía,
mar de remoer na lembranza salseiros.

[Apalambrado]

Negocios, referencias, confusión:
mellor o mesto mastro
dos soños:
lembranza das palabras:
andas apalambrado.

[Bruar]

Vés dobrado da brea de bruar,
maino no río dondo da saudade,
mol no agromar dun mundo novo muíño
–escalzado dos sentires vellos.

[Busca e captura (de imaxes perdidas)]

Por entre a néboa e difuminacións,
leva o pesar a rumbo, este país

e a pesar do seu rumbo, non esmorece aínda.

[Na brétema]

Ser aínda alguén na brétema
porque nada partiu

e manter de noutrora
axóuxeres e acougo

habitar entre o entullo
maino do corazón.

[O do estrés]

O do es tres é moi pouco,
es catro ou cinco,
es seis ou sete días á semana
unha cousiña gris,
pero logo reaxes
e das en sopesa-la luz
e o tramado da verba.

[Decalàge]

Amo os avións e non son futurista,
os avións de verán e os residuos
da hixiene, o cheiro da lixivia
nas pías convencionais, augas toldadas
da fatiga, residuos de rexouba.
Xira infinito e arredor de si,
coma tambor de lavadora,
o silencio.

Tamén é certo, podería coidar
algunhas árbores de froita, agora,
criar tenreiras novas, sementar putería,
mellorar logo, moi sensiblemente
as ensaladas.

[Xeración uns]

Queda un placer: ardemos
en palabras incomprensibles.
Antonio Gamoneda, *Arden las pérdidas*

Logo foi todo,
ben logo foi todo.
Poñen placa de bronce na cidade natal,
poñen pronomes de apreta-lo cincho
(poño por caso “uns” en Gott mit Uns)
e sermos subalternos
ofrécesnos logo coma as moedas
postas nos ollos mortos pra pagar a Caronte
e para non ver máis, prá despedida
deste mundo que trema aínda nas mans
dos que fan por termar de si e do propio:
o propio e o pensar na apropiación
esgázanos, escíndenos:

non queremos ser nós viramos uns,
non queremos ser uns viramos nós
dunha corda na casa do enfrocado humanista,

aquel que repetiu palabras ominosas
verbo da suspensión horrible do fatal
–o que andaba pendente da pedencia:
cínico aqueloutrado,
xélido sádico profundador:

“unha palabra en alemán”.

Inútil traduci-los elementos
da explicación horrible dos praceres,
inútil estende-la indeterminación
para facer apoios da abertura á grandeza.
Treitos retortos dunha corda somos,
nós escindidos
para ser celebrados no partir,
para nos estragar do xeito máis sinxelo:
como soubo facer a espada de Alexandre.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.

[Boas lenturas]

Dáme palabras húmidas, recollida ribeira
na biblioteca de boas lenturas,
máis nunca,
volverá nada ó rego.
Hai unha enchente de chíos perdidos,
súpetas anduriñas urbanas de noutrora,
labercas, merlos da noite entrada.

Pero calado é póñome a escoitar
na revolta, camiño abaixo.

[Pasma de Compostela]

Pasma de Compostela ou pérola agochada,
segregación do que logo ha ser cuncha,

rumor do mar mainiño:
maino solpor na eternidá ancorado

e non formas de fadas falabarato:

reclamo a eternizarse na música do mar
verdeal e verdugo dos versos de Verlaine,
galicismo mental, disipador do propio:

canto das malas contas,
cantamos sen ter conta de nós,
desanoamos lerias do porvir
para amosa-los folgos comunais
expostos ó ridículo de recibir escaso
recado de escribir, horas antes de ser axustizados.

30 AGOSTO DO 2007 - NÚMERO 685

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Alberto Lema

Alberto Lema (Vimianzo, 1975) empezou escribir hai doce anos pero esta é a primeira vez que sae á busca de lectores, en vésperas xa da aparición de *Plan de fuga*, o seu libro de debut, publicado pola editorial Estaleiro. Aínda que *Plan de fuga* é tamén un poemario, o seu ámbito literario natural é a novela, xénero no que posúe catro inéditos. Emigrante en Lanzarote, vendedor de café e activista cultural en distintas asociacións, Alberto Lema recolle en *Crónica do chan* –escrito despois de ler a Rimbaud– unha especie de biografía creativa, con textos pertencentes aos seus contactos iniciais

Alberto Lema

Crónica do chan

coa poesía e outros de factura recente. No resultado conflúen, deste xeito, as liñas básicas do seu mundo: a experiencia dunha xeración marcada pola precariedade laboral e a rebeldía, a paixón do impulso ideolóxico e o seu compromiso emocional. O conxunto que hoxe publicamos nos monográficos de Revista das Letras confirma a irrupción na poesía galega dunha xeración capaz de reformular os parámetros dos seus principios políticos e a poderosa voz dun escritor fascinado polo papel transformador das masas.



[Crónica do chan]

Non máis pasados remotos e felices
o meu mundo levantouse
sobre unha hecatombe de bois
e pedras de muíño
esta será unha crónica do chan,
escrita a carón das cousas que aínda doen
do lugar onde a Historia bate
sempre por debaixo da cintura
e vai deixando
un pobo enteiro de castrados.
Porque verán señores,
eu veño de abaixo, de ben abaixo
da mesma fronteira entre a clase baixa
e o puto chan, poden comprendelo?
Comprender un lugar entre os pés no
 esterco
e as felices series de televisión
de familias americanas de clase media.
Un lugar entre os pés no esterco
e os días caendo gota a gota
sobre o mesmo punto do cranio.
Cómpre incendiar medio cerebro
no alcol ou na rutina para soportalo,
para non ver
que che están comezando a podreecer os
 pés.
Poden imaxinalo?

Moito antes que nos libros prohibidos
No lombo partido da miña nai aprendín
A historia enteira da miña clase
Comprendín o peso de cada balde de auga
Roendo as túas vértebras de cristal, mamá,
E as catro gotas de morfina
para dar chegado á utra beira da dor.

Lleida, Lausanne, Lanzarote,
Irmán pai e mais eu
Nomes estranxeiros coma o nome
De batallas que se perderon,
Di,
quen nos aprendeu a perder, papá?
Lembra o seu nome, o lugar e hora
Lembra tamén por que deixamos de odialo.

Se a miña memoria lindase coa túa, avó,
veríamos pasar os anos coma un martelo
batendo no chan de Bergantiños,
no santo chan de Bergantiños.
As miñas mans non saben facer cestos,
nen roza-lo toxo, nen coutar palleiros,

Podes entender, avó,
que clase de bárbaro é o teu neto?
Porque verán señores
Eu son neto da última xeración de labregos
Dos que levantaron a muralla chinesa
Da infinita rede de valados
Entre os montes e as leiras,
Ou o fráxil equilibrio
Dos cabazos inexpugnables.
Eu son neto
de Jesús Suárez Regueira
que Loitou contra o teu bando
na guerra civil, e gañou.

A miña aprendizaxe tardía
das regras do xogo,
que neste país a palabra convenio
pode resultar utópica
e até subversiva.
Buscamos alguén con ilusión.
Chegar a ser outro
outro que tamén es ti mentres aceptas
a rutina da submisión.

E segue batendo o mar contra o Roncudo
como se tivese présa por gañar
eterna testa de touro contra o peito das
pedras
que xa aceptaron o seu destino de area.
Pero eu digo
que non se dixo a última palabra,
que a miña lingua fala
e é capaz de producir viraventos.
Choveron séculos de cinza sobre o
pequeno lugar
séculos cara a abaixo
que non deron tocado fondo
alguén debería dicirlles
que a cousa é máis grande do que
 pensaran.
E digo que aínda podemos dicir nós
que despois de tanto e tanto
aínda nos quedan aíndas
como volven retoñar teimudas as fieitas
Sobre cada chan calcinado

Na cidade atopoume a lingua dos brancos,
eu non sabía que aquel lugar fose
un campo de batalla da miña lingua
cunha derrota en curso
e un artigo como unha ponte

[Sete e media, Lázaro]

derrubada por uns de noite
e volta a levantar polos outros durante o
día.
E foi entón cando comprendín
que o meu mundo non fora máis
que unha pequena reserva india
agardando polos turistas.
E no non sen razóns dunha filla dos
brancos
quixen ver todas as marcas da miña clase;
os dentes marelos,
a roupa sen marca
e a lingua dos negros,
e decidín
converterme no que xa era,
Un pailán, un negro

E así fun xuntando, señores, todos estes
 anos,
a suor da desesperación do peito dos
 homes
e a carraxe do calostro que nos deron de
 mamar as nais,
para que poidan observalo intacto
para que vos cheire ben a bravo.

E agora ergueraste, Lázaro,
con cara de destino histórico.
irás recollendo os restos de ti
polo cuarto adiante
para compoñelos diante do espello
naquela forma familiar,
que adoitas chamar eu.
Érguete, Lázaro, e anda,
que chegas tarde,
non pensarás que houbo unha vez,
non pensarás Moscova,
levamos séculos, Lázaro,
séculos de tal e como
tal e como
tal e como,
para os fillos do fillo.
E así, sen aquel
resentimento de clase
que presta tan pouco co café,
así, consciente por fin do duro chan
e do idéntico chan de mañán,
así Lázaro cara ao traballo
tal e como.
E irás descubrindo
co paso dos ríos e dos anos
como se vai un afacendo
a este horizonte de pasadomañán,
irás descubrindo a resistencia do corpo
que sabe tan ben dobrar
sen chegar a tronzar nunca,
Irán saíndo calos nas túas mans
E noutros lugares que me nego a chamar
 alma,
irá o duro tomando o lugar do brando,
a pel cara ao tacto da casca,
e os ollos cansos do mesmo ver.
E como vai caendo unha mazá na man
cara o lado da morte
sen que poidas apenas notar o movemento,
así irás caendo ti cara a aquel lugar,
de onde ninguén te reclame se tes sorte
 un día
a cumprir de novo co destino de Lázaro.

[Colombia capital Cambados] [Ítaca]

O meu mundo ten a forma
Dun billete de cincuenta
Empapado en cocaína,
A forma da mandíbula tesa,
E os ollos moi abertos e líquidos
Dos que coñecen o segredo.

Señora, o seu fillo toma coca,
E tamén o policía, o avogado
E o señor deputado, señora,
O cuarto de baño está sempre petado.

Eu vin os mellores e os peores
Da miña xeración,
E vinos porque eu era un deles,
Agardar pola súa quenda,
Pola pequena raia sen raiba
Que faga máis longa a noite do sábado,
Máis certa a idea de estarmos vivos.

E algúns que foron caendo, e non mortos,
e un día regresaron porque ela
é paciente e agarda por ti
no lugar de sempre.
E saber despois que non es máis ti,
que es outro o que agora non sabe parar
de falar
ou rematar este poema sen apoloxía.

E volvo cara a atrás, cara ao lugar
onde o teu rostro no espello sorrí
e che di ola que tal,
como se quixese algo contigo,
volvo cara ao lugar onde se perdeu
para sempre
o meu bo nome de rapaz formal,
o lugar apenas salvaxe
que coñecín con vós, irmáns,
cos que compartín o tesouro,
e a ilusión da forza que había
de abrir todas as portas
mentres o imposible nos lambía os pes
e quería concedernos tres desexos

agora que xa eramos máis fortes ca el.
E dígovos
non era a vida a que chamaba por nós,
irmáns, eramos nós os que chamabamos
por ela.

Que herdara a lingua dos seus pais
que non tivera que desandar nada
que o país non se tiña en pé
e tivera que marchar
coma o seu pai vinte anos antes,
que na outra lingua se sentía torpe
sobre todo cando quería facer rir
ou preceder un bico,
que tivera que estar só,
que acabara por coñecerse a si mesmo
e aburrirse moito,
que eran miles os galegos alí
que todos ían volver un día,
que non podía existir un lugar así, sen
árbores,
que alí había moitos moros e sudacas,
que os galegos foran os anteriores moros e
sudacas,
que algúns galegos non querían parecelo
pero dalgunha maneira se lles notaba

que o país parecía mellor de lonxe
que botaba de menos tamén o frío e a
choiva,
que os galegos se buscaban pola lingua
para escoitala, para escoitarse
que a morriña era un mal do corpo,
que o país e a nai tiñan a mesma voz,
que non fora infeliz alí,
que un día volveu.

[Tara]

Cántas tardes en Tara cos dentes
apertados
para mellor non deixar saír a raiba
até que torne azul e poidan
gustar dela por fin os mellores ouvidos
brancos
na harmónica de Robert Johnson, por
exemplo,
así de azul e inofensiva.
Cántas tardes en Tara, moito antes
de que a señorita Escarlata xurase
entre as cenouras que nunca máis
volvería probar o sabor da fame,
a mesma que na boca dos negros, etc.
Tantas tardes en Tara,
mentres nos salóns máis altos disputaban
os sabios se os negros merecían ter alma
como de feito algún cabalo sen dúbida,
Cantas tardes en Tara, Alí Mubaié,
ti tes que sabelo, para que esta noite
se xunten aquí en Kinsasha, no corazón

da claridade, en dous puños pechados
esquerda dereita, sobre a cabeza
deste irmán que non o sabe.

[Retrato xeracional]

A túa casa nas aforas lonxe
do mundanal desemprego, subindo
no ascensor que te sobe, sentado
no brando sofá que amolece, a foto
coas guedellas que certifican a túa
rebeldía de xuventude excesiva,
e a muller, compañeira de viaxe,
follaredes talvez de lado para non
ferir sensibilidades de xénero,
votando cada catro anos e referendos
de gardar ao teu partido do progreso
inmóbil.
O bandullo xa non che deixa ver
a punta da túa ideoloxía erecta.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.

